

## REGULAMENTO

### CAMIÑO DE SANTIAGO: “O Epílogo: Santiago - Fisterra”

#### Organización

O Servizo de Deportes do Concello de Rianxo organiza “*Camiño de Santiago: o epílogo*”, correspondentes a continuación do percorrido do Camiño de Santiago ata Fisterra.

A actividade desenvolverase en 4 etapas nos meses de abril a xuño, desde Santiago de Compostela ata Fisterra.

#### As etapas

##### 1ª Etapa: Santiago – Piaxe ( Albergue Alto de A Pena)

- Lonxitude **29,6 Km**
- Dificultade **Media-Alta**
- Duración estimada **7h 00 min**
- Data prevista **22 de abril de 2017**

##### 2ª Etapa: Piaxe - Olveiroa

- Lonxitude **25 Km**
- Dificultade **Media-Alta**
- Duración estimada **5h 30 min**
- Data prevista **6 de maio de 2017**

##### 3ª Etapa: Olveiroa - Cee

- Lonxitude **20,1 Km**
- Dificultade **Media**
- Duración estimada **4h 40 min**
- Data prevista **20 de maio de 2017**

##### 4ª Etapa: Cee – Faro de Fisterra - Fisterra

- Lonxitude **17,8 Km**
- Dificultade **Media**
- Duración estimada **4h 00 min**
- Data prevista **3 de xuño de 2017**

## Inscricións

- O custe da actividade é de 12 € por etapa, que inclúe transporte e monitorado.
- A inscrición rexerese pola seguinte orde de prioridade:
  1. Os participantes na última etapa do Camiño de Santiago
  2. Os participantes en maior número de etapas sen contar a última, e así sucesivamente.
  3. Novas inscricións (censados en Rianxo)
  4. Novas inscricións (non censados en Rianxo)
- A organización solicitará aos preinscritos un volante de empadramento, agás aos que xa o presentaron nas etapas realizadas anteriormente.
- As inscricións poderán formalizarse no Servizo de Deportes e nos pavillóns municipais **ata as 14 h. do martes anterior a cada etapa.**
- **O pagamento do prezo público non se fará antes da confirmación da praza.**
- **A inscrición non se considerará completa ata o abono do prezo público.**
- Actividade vai dirixida a maiores de 18 anos.
- O mínimo de inscricións para iniciar a actividade é de 30, sendo 105 o máximo de prazas dispoñibles.
- A reserva de novas prazas farase por rigorosa orde de inscrición e respectando a prioridade establecida neste apartado.

## Programa de viaxe

- Cada etapa terá o seu propio programa, no que se detallarán as cuestións relativas a organización, normas e desenvolvemento da actividade.
- O punto de encontro para a saída desde Rianxo establécese na parada de autobuses do Paseo da Ribeira.

## Normativa xeral e de seguridade

- As datas previstas poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas ou por incidencias meteorolóxicas. No caso suspenderse unha etapa buscarase unha data axeitada.
- Cada usuario/a será o encargado do seu avituallamento tanto no percorrido coma no

remate.

- Nas etapas nas que se considere preciso, o autobús sairá despois do xantar.
- No caso de estar inscrito/a e non participar na actividade por causas alleas a organización, non se devolverá o importe da inscrición.
- Non se permitirán animais de compañía.
- A organización da proba reservárase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.